

Crónica do Primeiro de Maio na Coruña



Máis dun milleiro de persoas manifestáronse hoxe entre a Praza de Pontevedra e a Praza do Humor, apoiando a convocatoria que fixo a **CGT** con outros sindicatos (**CUT**, **STEG**, **SF** e **SE**) en conmemoración do Primeiro de Maio. Baixo o lema "POLO REPARTO DA RIQUEZA E O TRABALLO, DIGNIDADE E LOITA", as rúas da Coruña enchéronse de berros, dignidade e ira contra este sistema explotador e inxusto que estamos a sufrir. Coreáronse lemas como "É indecente, xente sen casa e casas sen xente!", "Obreiro despedido, patrón colgado!", "Queremos traballar, non emigrar!", entre outros.

Ao final do percorrido, o acto rematou coa lectura do manifesto unitario das organizacións convocantes.